



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



MARÍA LUISA CACHARRÓN SOUTO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data seis de xullo de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 323 / 2015 **Data decreto:** 06/07/2015 **Descrición decreto:** Bolsa de traballo cooperación 2015 socorrista.

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta que consta na acta da Comisión seleccionadora de data 03/07/2015 e de acordo coas bases da convocatoria para formación da bolsa de traballo praza de socorrista subvencionado pola Xunta de Galicia, aprobadas por Decreto da Alcaldía 277/2015 de 22/06/2015.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Non constituír a bolsa de emprego praza socorrista subvencionado pola Xunta de Galicia por non acadar o aspirante admitido no proceso selectivo, o cal non resultou nomeado, D. Adrián Rivadulla Taboada, unha puntuación mínima de 1 punto na fase de concurso segundo o sinalado no punto cuarto das bases da convocatoria do Decreto 277/2015.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos.

Boimorto seis de xullo de dous mil quince

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Boimorto a trece de xullo de dous mil quince.

Vº Pr.
O Alcalde

Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz